

Vocabulario:

- *Por unha banda, na fotocopia do vocabulario de termos xeográficos (páxina 3), tes unha serie de termos xerais para consultar (Xeografía, Xeomorfoloxía, litosfera.....)*
- *En canto a termos directamente relacionados co Tema 5, debes estudar: **acuicultura, agricultura ecolóxica, denominación de orixe, desagrarización, explotación intensiva, Política Agrícola Común (PAC), Política Pesqueira Comunitaria (PPC), silvicultura, transxénicos.***
- *Podes estudar ditos termos por este PDF, polo vocabulario en word do blog ou por outras fontes de referencia.*

ACUICULTURA

Cultivo controlado de especies mariñas (peixes, moluscos, crustáceos, plantas acuáticas) tanto en ríos coma en augas mariñas, e con fins comerciais.



AGRICULTURA ECOLÓXICA:

Sistema para cultivar unha explotación agrícola sen empregar produtos químicos ou organismos xenéticamente modificados, obtendo así alimentos orgánicos, á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente.



DENOMINACIÓN DE ORIXE

Tipo de indicación xeográfica aplicada a un produto agrícola ou alimenticio, cuxa calidade ou características débense fundamental e exclusivamente ao medio xeográfico no que se produce, transforma e elabora. A denominación de orixe protexe legalmente aos produtores desa zona xeográfica.



DESAGRARIZACIÓN:

Progresivo abandono das tarefas relacionadas coa actividade agraria e gandeira. Implica en moitos casos o abandono tamén progresivo do medio rural.



EXPLOTACIÓN INTENSIVA:

Agricultura realizada en extensións de terreo moi limitadas. Adícanse a un só cultivo ou a varios. Poden ser de dous tipos, o intensivo en capital (maquinarias e abonos), ou o intensivo en man de obra. Os rendimentos son moi altos.



POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN (PAC):

Normas directivas de cohesión e coordinación das políticas e actividades agropecuarias entre os países membros da UE. A PAC xestiona as subvencións aos agricultores europeos.

P.A.C.

**POLITICA AGRARIA
COMUNITARIA**

POLÍTICA PESQUEIRA COMUNITARIA (PPC):

Normas directivas da UE que establece unha serie de cuotas na cantidade de peixe de cada especie que os estados membros poden capturar.



SILVICULTURA:

Coidado dos bosques e montes para lograr unha produción continua e sostible de madeira, leña, cortiza e froitos que demanda a sociedade.



TRANSXÉNICOS:

Alimentos producidos a partir dun organismo modificado xenéticamente para obter as características desexadas. Actualmente, se está a desenvolver sobre todo nos cultivos de soja, millo e cebada.

